Rúa Cánovas del Castilo 2 – 1º, 32500 O Carballiño
ppcarballino@gmail.com - www.ppcarballino.es
Tlf.fax. 988 27 46 07 - 606 25 43 97

D. ARGIMIRO MARNOTES FERNÁNDEZ, como portavoz do Grupo Municipal Popular do Concello do Carballiño, e en representación deste:

**EXPÓN:**

Que o anterior goberno municipal, deixou adxudicadas varias obras que so estaban pendentes da acta de inicio das obras e que consideramos deberían de escomenzar canto antes, pois son obras necesarias e demandadas pola veciñanza. Ditas obras son:

- Urbanización da **rúa Adolfo Otero Landeiro** que é unha das vías de comunicación pendentes de facer no contorno da Veracruz, por 59.933,18€

- Acondicionamento da **Rúa Celso Emilio Ferrreiro**, no que se completan beirarrúas e alumeado por 49.220,48€

- Renovación de Redes de Abastecemento de auga, alcantarillado e nova rede de pluviais na **rúa Otero Pedraio** por 59.857,16€

Tamén quedou cos primeiros trámites escomenzados á adxudicación do cambio **de alumeado de Veiga que vai dende as vivendas próximas ao Pabellón** e cruza toda Veiga por unhs 69.000€

A maiores quedou reforzado o orzamento con cartos suficientes previamente valorados polo técnico municipal para facer as obras de Urbanización durante o ano 2015, procedentes do resultado positivo do 2014, da **urbanización da rúa Ben cho Sei**, **urbanización da rúa San Amaro, Urbanización de rúa Costa Rica** e **mellora do firme da rúa Castelao**.

Moitas destas obras deben de estar rematadas antes de que finalice o 2015, pois ao ser procedentes de remantentes positivos doutros anos, é o que procede

**É POLO QUE SE SOLICITA,**

Se nos informe do estado de estas obras.

Se inicien estas obras canto antes.

Sen outro particular, en O Carballiño a 10 de xullo de 2015.

Asdo.: Argimiro Marnotes Fernández

Portavoz do Partido Popular no Concello do Carballiño

**A ATENCION DO SEÑOR ALCALDE DO CONCELLO DO CARBALLIÑO**